

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidaente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as anaxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A formación da monarquía hispánica e a súa expansión colonial (1474-1700)	<p>A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).</p> <p>A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).</p> <p>A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos.</p> <p>Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)</p>	17	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A formación da monarquía hispánica e a súa expansión colonial (1474-1700)	Conquista e colonización de América: leis de Indias, revolución dos prezos.	17	13	X		
2	España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht). Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial). A Ilustración en España. O papel da muller na Idade Moderna	16	12	X		
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica). As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).	8	7		X	
4	A conflictiva construción do Estado liberal (1833-1874)	A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	8	7		X	
5	A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)	A Restauración. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.	7	6		X	
6	Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente	A reforma agraria liberal: as desamortizacións. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración). A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller)	10	9		X	
7	A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)	A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).	7	6			X
8	A II República. A Guerra Civil nun contexto internacional de crise (1931-1939)	O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). As principais reformas da II República A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.	8	7			X
9	A ditadura franquista (1939-1975)	O franquismo: características e institucionalización. O franquismo: as formas de oposición ao	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A ditadura franquista (1939-1975)	Réxime. O franquismo: política económica. A Transición e a consolidación da democracia.	10	10			X
10	Normalización democrática en España e integración en Europa (desde 1975)	A situación da muller no século XX (II República, franquismo, gobernos da democracia). España en Europa e no mundo (entrada na CEE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz). Evolución e cambios na España actual (os retos da globalización económica e cultural, o estado de benestar...)	9	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A formación da monarquía hispánica e a súa expansión colonial (1474-1700)	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio.	PE	90
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos". - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
2	España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII.	PE	90
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica as causas da Guerra de Sucesión e as características do novo modelo de Estado		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Coñece os movementos políticos e sociais que estiveron detrás das transformacións do estado e a evolución constitucional		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Identifica os principais movementos sociais que provocaron cambios na sociedade contemporánea		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Identifica as causas e factores que provocaron a desigualdade de xénero		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Define o concepto de unión dinástica en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

UD	Título da UD	Duración
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Entende as diferenzas sociais que provocaron o inicio das confrontacións e mobilizacións en prol da defensa das minorías e da poboación desprotexida		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. Comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.
- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.
- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.

UD	Título da UD	Duración
4	A conflítica construción do Estado liberal (1833-1874)	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Identifica o xurdimento do concepto de cidadanía e a súa conceptualización na ideoloxía liberal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica as ideas en documentos históricos da época		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
5	A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe o sistema político da Restauración, distinguindo a teoría e o funcionamento real.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. Analiza os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	A desigualdade de xénero na Restauración e a falta de dereitos políticos		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e consecuencias nos ámbitos económico, político, cultural e ideolóxico.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

UD	Título da UD	Duración
6	Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica a evolución demográfica de España ao longo do S.XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Valora o papel da muller no século XIX e as súas transformacións		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. Describe a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.	PE	90
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Analiza os sectores económicos e especifica a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. Compara o proteccionismo e librecambismo ao longo do S.XIX		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Entende a importancia das mobilizacións sociais no contexto da revolución industrial		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona os problemas do transporte e o comercio interior cos factores xeográficos. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións. - Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
7	A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas da quebra do sistema político da Restauración e identifica os factores internos e externos. Explica a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Valora a importancia da loita política e social fronte a reximes políticos fraudulentos		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Coñece os partidos e organizacións sindicais que xurdiron no primeiro terzo do século XX		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Diferenza as ideoloxías políticas e a súa evolución no primeiro terzo do século XX		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904-1927. Describe a crise xeral de 1917: causas, manifestacións e consecuencias.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
8	A II República. A Guerra Civil nun contexto internacional de crise (1931-1939)	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. Analiza as eleccións de 1936 e a Fronte Popular.	PE	90
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Diferencia as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino, con Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. Analiza o proxecto de reforma agraria.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas. - O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.

UD	Título da UD	Duración
9	A ditadura franquista (1939-1975)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especifica as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación co contexto internacional.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica as fontes ideolóxicas do Franquismo e a resistencia interna ante estas	PE	90
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. Elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Identifica a evolución económica durante o Franquismo		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Critica o control social levado a cabo polo estado franquista na sociedade española		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Coñece os efectos sociais do "desarrollismo"		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Analiza os factores e os condicionantes que marcaron a Transición Democrática		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia dos documentos históricos para coñecer as realidades históricas contemporáneas	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios. - Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura. - Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural. - A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. - A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

UD	Título da UD	Duración
10	Normalización democrática en España e integración en Europa (desde 1975)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1975.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.</p>	<p>Diferenza as correntes ideolóxicas dos principais partidos políticos do réxime do 78</p>		
<p>CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.</p>	<p>Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. Elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.</p>		
<p>CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.</p>	<p>Interpreta a evolución económica de España na democracia e a consolidación do Estado de Benestar</p>		
<p>CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</p>	<p>Advirte da importancia do Estado Benestar e da sustentabilidade no século XXI</p>		
<p>CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.</p>	<p>Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista tanto no interior como no exterior de España, e comenta a súa evolución no tempo.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Pondera a importancia da transición e dos primeiros gobernos da democracia na consolidación dos dereitos e liberdades recollidos na constitución do 78		
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Identifica as transformacións sociais e a súa evolución nos diferentes gobernos da democracia		
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Coñece o impacto global da política exterior española		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Identifica as principais transformacións sociais actuais en cuestión de xénero		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia dos documentos históricos para coñecer as realidades contemporáneas	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e

Contidos

- dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.
- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.
- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.
- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Hoxe en día, a flexibilidade metodolóxica aparece como formulación base á hora de deseñar unha programación. Con todo e con iso, o que impulsa a elaborar este deseño en base a esta premisa, son os propios parámetros da lexislación baseados nunha concepción construtivista da aprendizaxe. Neste marco teórico, a consecución dunha aprendizaxe significativa configúrase como ingrediente esencial (Ausubel, 1976). Este ten lugar cando se tenta dar sentido ou establecer relacións entre os novos conceptos e os coñecementos que o alumnado xa posúe (Solé e Martín, 1990). Mediante a definición destes coñecementos previos poderase delimitar a denominada “zona de desenvolvemento próximo”. Cabe puntualizar que esta zona de desenvolvemento pode variar duns a outros, o que nos obriga a deseñar un marco de adaptabilidade.

Neste deseño, a motivación do alumnado é esencial. Aténdese a tres compoñentes da motivación que, formulados dun modo adaptado, serán evidentes para o alumnado (Woolfolk, 2006; Santrock, 2002): compoñente de valor –as razóns polas que se fai unha tarefa-, compoñente de expectativa –posibilidades que se consideran posibles para superar a actividade- e o compoñente afectivo –as relacións emocionais e sentimentos que ocasionan un determinado contido e/ou actividade-. No proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta unha serie de consideracións didácticas que veñen

delimitadas polas propias condicións da disciplina que se imparte (Carretero, 1993). Así, á hora de caracterizar o coñecemento histórico teranse en conta que utiliza conceptos de gran abstracción. Doutra banda, os contidos históricos escolares sofren enormes transformacións debido ás forzas ou influencias ideolóxicas e políticas. Este feito pódese compensar mediante a introdución de visións alternativas das que se ofrecen nos seus distintos grupos. Por último, a historia é unha actividade cognitiva que implica o manexo de inferencias lóxicas. A utilización de instrumentos propios da investigación historia axudará no proceso de aprendizaxe mediante o uso crítico de fontes, mapas, gráficos e textos de información histórica e a elaboración dun discurso lóxico e razoado.

Os principios metodolóxicos establecidos e as consideracións propias da disciplina virán a concretar en dúas estratexias metodolóxicas. No ensino por descubrimento, onde se expoñen principios propios do método heurístico, o alumno descobre nos materiais proporcionados unha estrutura ou organización que non estaba explicitamente presente nos mesmos. Polo que respecta ao ensino receptivo, supón o poñer explicitamente a estrutura conceptual da disciplina, para que o alumno relacione esa estrutura coas súas ideas previas con respecto á mesma materia. Esta estratexia deberá ir acompañada de materiais que posúan significatividade lóxica e psicolóxica

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª de España, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesor á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficos, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o docente despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesor deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor. Os materiais adaptanse aos cambios propostos polo grupo de traballo na ABAU.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto físico ou dixital.
Apuntamentos docente

Aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps
Gamificación (Kahoot, Quizz)
Novelas históricas, novelas gráficas

En canto aos recursos que veñen a instrumentalizar esta metodoloxía, cabe definir aquí a aula na que se desenvolve a actividade docente. A aula conta con medios audiovisuais (un proxector e un equipo informático), pizarra dixital, acceso a internet e con mobiliario móbil. Polo que se refire aos recursos didácticos materiais, se parte dunha perspectiva heteroxénea na que se terán en conta tanto recursos tradicionais, como outros innovadores incardinados no Plan Dixital do centro. No grupo dos recursos tradicionais, pódense atopar os medios de carácter textual. O libro de texto será concebido como un recurso auxiliar, sobre todo como referente de contidos e actividades. Outro dos medios utilizados son os de carácter audiovisual. Tal é o caso das presentacións de diapositivas, empregado nas sesións como eixo central na explicación de contidos, así como medio para a exposición doutros recursos. Nesta mesma liña sitúanse o emprego de imaxes que axudan a representar e acompañar aos contidos mediante mapas e escenas evocadoras e impactantes. Recorreranse a vídeos seleccionados e podcast de curta duración, que serán integrados na aula.

No plano das TIC's, o uso da internet expónse como unha fonte ilimitada de información e fonte de recursos secundarios. A existencia dun único punto de acceso a Internet na aula obriga a que sexa empregado por parte do profesor, o que aínda que se trata dunha limitación de partida, poderá paliar o exceso de información e a selección de contidos e recursos de interese. Doutra banda, creouse un aula virtual, entendido como un sistema de publicación informática, eficiente xestor de contidos, de ligazóns e contedor de elementos multimedia que permite levar a cabo accións formativas e-learning. Ademais, será empregado como un medio para levar a cabo actividades de ampliación, de reforzo ou recuperación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de comentarios, sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos

distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates e/ou visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	8	8	7	10	7	8	10	9
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	90
Táboa de indicadores	10

Criterios de cualificación:

A selección dos procedementos e instrumentos de avaliación procuran facilitar a interacción entre os profesor e o alumnado, entre o propio alumnado mediante a co-avaliación, así como tamén a posibilidade de que os alumnos sexan espectadores do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe mediante a autoavaliación.

As técnicas empregadas resúmense na observación da participación, das interpelacións das actividades realizadas en grupo e de todo aquilo sexa susceptible de ser avaliado. Tamén se empregarán probas orais (na presentación de traballos en grupo ou individuais, debates, etc.), a revisión de tarefas mediante o caderno de traballo de cada alumno e alumna, entrevistas individuais e mediante probas escritas.

Co fin de que a avaliación sexa obxectiva e atendendo ao recomendado pola normativa en canto á incorporación de indicadores de logro en relación á adquisición de competencias, integraránse rúbricas de avaliación como instrumento principal. Estas rúbricas poderán ser realizadas a diferentes escalas para avaliar todo aquilo que o docente considere oportuno. Neste caso é importante que o alumnado sexa coñecedor das rúbricas, en que consisten e que aspectos estanse a avaliar do seu proceso de

aprendizaxe. A este instrumento engádeselle o diario do profesor, así como tamén as probas escritas.

A cualificación é consecuencia da avaliación, xa que dependendo do grao de adquisición das aprendizaxes avaliadas o alumnado obterá unha ou outra cualificación. Así, os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, considerándose negativas as cualificacións inferiores a cinco. Nas tres avaliacións ordinarias serán tidas en conta as actividades realizadas, a participación, a actitude cara o traballo e a materia, traballos e probas escritas para determinar se o alumno ou alumna acadou os obxectivos marcados. Para iso haberá unha ponderación da nota que se aplicará ao final de cada avaliación:

- **Traballo diario (10%):** Valorarase o traballo diario do alumnado mediante a realización periódica de prácticos que serán recollidos na aula e avaliados. Ademais da nota media recibida nos prácticos de cada avaliación terase en conta a puntualidade na entrega e a pulcritude e presentación.

- **Probas escritas (90%).** Será a media das probas escritas realizadas durante a avaliación (entre dúas e tres). Será necesario obter unha nota mínima de 3 por parcial para poder facer media. O exame constará das seguintes partes ou preguntas:

- Definición de vocabulario (4 termos a escoller entre 8) (2 puntos)
- Pregunta teórica (3 puntos)
- Comentario guiado ou composición de textos históricos (5 puntos)

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das calificacións obtidas en cada unha das tres avaliacións.

Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Si o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.
- Si o alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:
 - Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de sete (exemplo: 7,7 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.
 - Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a sete (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).

Se un alumno ou alumna é descuberta copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

Criterios de recuperación:

No caso de non superar algunha das avaliacións haberá unha recuperación por cada avaliación. A recuperación será unha proba escrita das unidades non superadas cunha estrutura idéntica a das probas escritas anteriormente sinaladas. A recuperación da 3ª avaliación será considerada como a recuperación global para todos aqueles que teñan sen superar algunha das avaliacións previas. Nestas recuperacións teránse en conta, xunto coa proba escrita, as producións realizadas polo alumno ou alumna en cada caso.

No caso de non superar as tres avaliacións cunha nota superior a 5 en cada avaliación, o alumno ou alumna terá que realizar unha proba extraordinaria no mes de xuño na que se repetirá a mesma estrutura que nas probas escritas da avaliación ordinaria. Nesa

proba examínarase das avaliacións ou dos parciais que teña non superados.

Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.

O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula, na web do centro e na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro onde se publicará esta programación.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan. Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurarase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.

Consideramos necesario reforzar as técnicas de comentario de texto histórico. Para isto plantéxase un plan de reforzo progresivo, no que se partirá de comentarios de texto guiados e pechados por cuestións. Este plantexamento de partida permitirá ao alumnado, seguindo as cuestións plantexadas, desenvolver dun xeito guiado as diferentes seccións dun comentario de texto: introdución, análise e conclusión. Este modelo de actividade aplicarase ao longo da primeira avaliación, para a partir de aí introducir o modelo de comentario da composición de textos propio das ABAU.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual			X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores		X				X		X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						
ET.8 - Creatividade						X		X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores		
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero		
ET.8 - Creatividade		

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural.

Cabe sinalar que, polas propias características da materia, haberá unha serie de elementos transversais, que sen prexuízo doutros, son dignos de mención. Tal é o caso da prevención e resolución pacífica de conflitos e os valores asociados á paz, a liberdade, a igualdade, a xustiza, a prevención da violencia, a defensa dos principios da economía sostible e o coidado e conservación dos entornos naturais. Tamén se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva de homes e mulleres. As características históricas de Galicia fan que se preste unha especial atención aos aspectos específicos da mesma, fomentando non só o coñecemento da realidade galega, senón tamén a valoración da traxectoria da historia económica, demográfica e política como propia e diferenciada.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a cidades e lugares de interese histórico, artístico ou xeográfico.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	
Roteiros de interese histórico, xeográfico ou cultural.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	

Observacións:

- As actividades constitúen un dos eixes fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo.

Realizaranse actividades nas que o alumnado deba despregar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación.

Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario histórico, artístico e xeográfico (o alumnado elaborará un glosario de termos que terán que presentar ao profesorado),

- Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.

- Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

As actividades fóra da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización das unidades e dos contidos
Metodoloxía empregada
Exposición da información
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Estratexias de motivación do alumnado
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Diversidade de recursos
A práctica docente é innovadora
Clima de traballo na aula
Interacción co alumnado
Outros
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:
 - Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
 - Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
 - Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
 - Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
 - Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
 - Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
 - Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
 - Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
 - Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
 - Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.
 - Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténciase estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
 5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
 6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
 7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
- A maiores tomarase como referencia os resultados obtidos nas probas de acceso á universidade (ABAU) e a desviación media das cualificacións respecto das obtidas ao longo do curso.

9. Outros apartados

1. Acceso aos recursos e materiais

Ligazón á Aula Virtual da materia: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesantonalonsorios/aulavirtual/enrol/index.php?id=131>